Escoitar.org

[Rexistro da Paisaxe Sonora de Galiza]

Dossier Escoitar.org

Escoitar.org:

Unha aproximación ao son dun lugar é unha aproximación ao seu patrimonio. Percibir, comprender e concibir a nosa identidade sonora, a dos nosos lugares e as nosas xentes, a súa coherencia e idiosincrasia, é un exercicio necesario e saudable. Escoitar.org é un proxecto de dinamización social aberto e libre cuxo obxectivo principal é a difusión e promoción do fenómeno sonoro e a súa exploración con fins sociais e documentais.

Con este fin Escoitar.org desenvolveu un software adicado á publicación libre de paisaxes sonoras que permite a cualquera usuario participar subindo audio ó sistema e colocalo automáticamente no lugar xeográfico no que ten sido gravado (xeolocalización). Esta é unha das ferramentas de traballo do proxecto, outro dos frentes é a publicación de audio-libros que conteñan paseos sonoros polos lugares de Galiza e información contextual destes sons dende o ponto de vista musicolóxico, antropolóxico e artístico (rescatar a memoria sonora do país).

O software creado está baseado na API pública de Google-Map, o usuario pode navegar polo mapa google ata atopar o lugar ónde fixo a súa gravación de campo. Facendo click en dito lugar, o software deseñado localiza automáticamente a latitude e a lonxitude de maneira que o resto de internautas poden escoitalo. Escoitar.org pensa que o son forma parte do patrimonio cultural inmaterial, e como tal, é necesario conservalo.

Escoitar.org facilita unha ferramenta para rexistrar e conservar un patrimonio sonoro consensuado polos propios oíntes. Ofrece tamén a posibilidade de gravar paseos sonoros por rutas relacionadas coa cultura aural galega.

Escoitar.org é tamén unha Asociación Cultural de ámbito supraprovincial cuxo principal obxectivo é o fomento e a promoción do fenómeno sonoro como vía de coñecemento da sociedade. Formou parte do Proxecto-Edición (CGAC, MARCO e Fundación Luis Seoane) e atende a unha das liñas de investigación do Grupo de Investigación DX7 Tracker da Universidade de Vigo, no cal está actualmente integrado. As súas actividades céntranse na conservación da memoria sonora de Galicia, a valorización do patrimonio cultural inmaterial, a restauración e dixitalización de arquivos sonoros, o fomento da participación dos oíntes na configuración do patrimonio sonoro de Galicia e nos traballos de campo / gravación e contextualización dos sons ambientais do país a partir do punto de vista artístico, etnomusicolóxico, bioacústico e antropolóxico. Materializouse nunha aplicación web que permite consensuar polos propios oíntes o patrimonio sonoro de Galicia.

Biografía breve do proxecto

Nun ano e medio de vida, Escoitar.org ofreceu obradoiros en Córdoba (Festival Eutopía06), Zaragoza (Centro Gohan), Pontevedra (Casa das Campás), Madrid (Casa Encendida), Sevilla (Festival Zemos98), Cuenca (Facultade de Belas Artes) ou Vigo (MARCO) e participou en varios eventos de tintura internacional coma o *Encuentro*

Iberoamericano de Paisaje Sonoro (Madrid), as *Jornadas Vibra* de arte sonora e experimental do Centro de Cultura Contemporánea (Valencia), o *Festival de Arte Sonora Artesons* (Lugo), o *Festival Sónar* (Barcelona), o *AVLAB* do Medialab Prado (Madrid), o *Proyecto Arte y Pensamiento* da UNIA (Sevilla), o *Congreso de Arte y Tecnología Artech06* (Pontevedra), o *Festival Eutopía07* (Córdoba), as xornadas de conferencias *Paseantes, viaxeiros e paisaxes* do CGAC (Santiago de Compostela), as xornadas de conferencias *Artes de mediación. Roles da crítica de arte na era dixital* do CGAC (Santiago de Compostela) ou as *Jornadas de Paisajes Sonoros* no Museo de arte Precolombino e Indígena (Montevideo, Uruguai). Participou en varias exposicións coma *Reinicia*, na Casa das Campás de Pontevedra, *Google Art, or How to Hack Google*, no New Museum of Contemporary Art de Nova York, *Redes Aurales*, no Festival Sónar de Barcelona, ou *Banquete*, na LABoral de Xixón.

Actualmente traballa en varios proxectos, algúns no ámbito galego, coma *Fonotopías de Galicia: os sons en perigo de extinción*, apoiado pola Consellería de Cultura e Deporte (Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural), e outros, coma *Paseos Sonoros con Tecnoloxía Portátil GPS* desde o Grupo de Investigación DX7 Tracker da Facultade de Belas Artes (Universidade de Vigo).

O son como patrimonio cultural:

A obsesión occidental por favorecer os aspectos visuais da cultura provocou o menosprezo doutras capacidades perceptivas, como o oído, relegando a un segundo plano aquelas experiencias existenciais consideradas menos significativas, en gran parte, polo seu carácter efémero.

No obstante asistimos ó longo do século XX a un crecente interese polo fenómeno sonoro mais alá da música e da física acústica no que os sons medioambientais revélanse como un interesante obxecto de estudo interdisciplinario (antropoloxía, ecoloxía sonora, bioacústica, ciencias cognitivas, arquitectura, creación artística...)

Ben sexan naturais ou unha construcción producto do funcionamento das sociedades modernas, os sons que nos rodean forman parte inevitable das nosas vidas e da nosa memoria colectiva, presentándose como un material inestimable para a comprensión das culturas e as sociedades que os producen, os utilizan ou os perciben.

Por esta razón, a actitude cara ó son dun lugar non só debe ser positiva, se non que debese estudiar para identificar aqueles compoñentes que merecen a pena se conservar, ou, incluso, restaurar.

O grupo de investigadores que baixo o nome de World Soundscape project surxiú na Universidade Simon Fraser (Vancouver) a finais dos sesenta da man de M. Schafer y B. Truax presentaba unha proposta pioneira -"documentar e arquivar paisaxes sonoros, describilos e analizalos, e promover un aumento do coñecemento público a través da escoita e do pensamento crítico"- que dende entón tense enriquecido con diferentes enfoques. Institucións como o WFAE (world forum for acoustic ecology) ou o Acoustic ecology institute, proxectos como Acoustic Enviroments in Changes, Soundtransit ou

Earth Ear, grupos de traballo como CRESSON (Centre de recherche sur l'espace sonore et l'environnement urbain) ou Ciudad Sonora, os textos de Y. Leroy, J. F. Augoyard, B.

Krausse, A. Corbin ou as obras de numerosos artistas como B. Truax, B. Fontana, H. Westerkamp ou A. McCartney son só algúns dos exemplos do crecente interese que suscita a idea de "paisaxe sonoro" na súa multiplicidade de perspectivas.

Os sons son materias non renovables e o feito de capturalos e expoñelos supón un alongamento da sua vida, xenerando novos espacios vivos e mutantes. Atopar o equilibrio bioacústico dun lugar, crear retratos o "Postaís Sonoras", e construir un mapa de situación (on-line) e unha descripción destes lugares a través da sua paisaxe sonora contribue á construcción da identidad dunha zona xeográfica -o son como patrimonio, o son como documento histórico-. Todo gracias ás posibilidades que ofrece a rede como sistema horizontal e democrático.

O equipo principal de traballo:

Juan-Gil Rodríguez (coordinación)

Musicólogo pola Universidade de Oviedo. Desenvolveo diversas investigacións tanto no campo da etnomusicoloxía e a música popular urbana, como no da música contemporánea, traballando nos últimos anos no ámbito interdisciplinar da música e as artes plásticas –Espacio Permeable-. Ademáis da súa actividade dentro da crítica musical –Mundo Clásico e La Opinión- participou nos proxectos de investigación 100 años de la Biblioteca América (Vicerrectorado de Cultura e Servicios á Comunidade Universitaria, USC) e Raices musicales (Secretaría de Ciencia y Técnica y Posgrado de la Universidad Nacional de Cuyo, Mendoza, Argentina). Na actualidade realiza a súa tesis doctoral baixo a dirección do Doctor José Antonio Sarmiento na Universidad de Bellas Artes de Cuenca (UCLM) centrándose nas relacións entre corpo e música no século XX.

Berio Molina (deseño, programación, gravación)

Nado na Fonsagrada (Lugo (Galicia)) en 1979 é membro da comunidade de arte e acción libre alg-a. e do equipo de desenvolvemento de escoitar.org. Foi membro do colectivo de performances Flexo dende 1999 ata 2004 e membro do equipo de producción do festival IFI nos anos 2002, 2003 e 2004.

Horacio González (programación)

Lic. En Bellas Artes, programador e coordinador do Festival de Arte Sonora IFI (Fac. Belas Artes de Pontevedra), membro do equipo de desenvolvemento do proxecto de Paisaxe Sonora en Galicia Escoitar.org.

Chiu Longina (imaxe corporativa)

Antropólogo pola Universidade Complutense de Madrid. Estudos de Musicoloxía na Universidade da Rioxa. Artista sonoro e creador de espacios acústicos. Co-coordinador das propostas sonoras do *Festival de Arte Sonora IFI* de Pontevedra (Fac.Belas Artes/Pazo da Cultura), membro do colectivo *SINSALaudio* de Vigo, da Asociación *Alg-a* e do *Centro de Creación Experimental de Conca*, na Facultade de Belas Artes da Universidade de Castilla La-Mancha. Co-editor e co-coordinador na rede de *Mediateletipos.net* e de *Artesonoro.org*.

Julio Gómez (gravación, documentación)

Coordinador do Colectivo SINSALaudio e xerente-programador do Clube Vademecwm. Especialista en músicas populares.

Carlos Suárez (gravación, documentación, traducción)

Musicólogo e galego retornado (Venezuela). Compositor e etnomusicólogo. Publicou libros e artigos sobre música autóctona e bioloxía sonora de diversas rexións de Venezuela. Foi a derradeira incorporación ó proxecto Escoitar.

Outras liñas de investigación e traballo:

Escoitar.org traballa en varias liñas de investigación. Unha delas é a **gravación de sons que están en perigo de extinción**. Co obxetico de conservar a memoria sonora dos habitantes dun lugar, Escoitar.org adícase a rexistrar sons que corren o risco de desaparecer, e con eles, os elementos da historia de Galiza asociados a estes sons. Outra das liñas de traballo é a **traducción de textos relacionados coa disciplina "Paisaxe Sonora"**, en colaboración cos propios autores, que non contan cunha versión no noso idioma ou no idioma castelán. Unha terceira vía de traballo é **fomentar a escoita activa e crítica** a través de obradoiros que nos chamamos "limpeza de oídos". Dentro desta liña, incluímos a **Escola de Escoita**, obradoiros itinerantes por colexios de ensinanza primaria cuxo obxetivo é achegar a estes rapaces un novo xeito de escoitar o mundo, máis activo e máis lúdico, e un compromiso por parte dos profesores para poñer en valor os sons que nos rodean.

Escoitar.org traballa tamén no **estudo de espazos en Galiza que teñen características acústicas especiais**, como por exemplo o Val do Cenza en Vilariño de Conso (o único val glaciar de Galiza), ou as Dunas de Corrubedo. Neste tipo de espazos Escoitar.org rexistra o son e inicia investigacións relacionadas coa física acústica. Do mesmo xeito, Escoitar.org tamén está atenta os cambios acústicos dos lugares condicionados polos cambios climáticos (o son dos lugares en diferentes estacións).

Máis información:

Sede da Asociación Cultural Escoitar.org:

Areal, 142, 6D
36201 Vigo
Pontevedra

Contacto:

E-Mail:
info@escoitar.org

Tfnos:
Coordinación: 607 776647 (Juan Gil)
Programación: 650 374317 (Horacio González)